

2.4.-

DESENVOLVEMENTO DE EMPRESAS

N unha primeira aproximación ós datos presentados polo Rexistro Mercantil Central e o Directorio Central de Empresas (Dirce), pódese afirmar que o número total de sociedades activas en Galicia, independentemente da súa condición xurídica (persoas físicas, sociedades anónimas, de responsabilidade limitada e “outras”) era, a 1 de xaneiro de 1998, de 158.583 empresas. O 79,2% das mesmas pertencía ó sector servicios (un 33,6% corresponde ó subsector comercio, en tanto que o 45,6% englobaría ó resto dos servicios). No ano 1998, constituíronse 5.493 sociedades mercantís, un 19,96% máis que no ano anterior, e Galicia foi a terceira comunidade que experimentou un maior crecemento no que a constitución de sociedades se refire.

Segundo a información recollida no Dirce, o **cadro 2.4.1.** reflicte que a meirande parte das sociedades activas en Galicia son persoas físicas, un 70,90%, e lle seguen en importancia as sociedades de reponsabilidade limitada e as sociedades anónimas, co 20,67% e o 2,60%, respectivamente. Comparado coa situación en

España, o devandito cadro amosa que o peso relativo das sociedades activas galegas no total español é de 6,41%, sendo o peso das persoas físicas e das sociedades de responsabilidade limitada superior ó peso medio total.

Atendendo á distribución das empresas **por sectores**, o 79,2% das mesmas pertencen ó sector servicios, en tanto que un 12,0% están encadradas no sector da construción e o 8,8% restante estarían englobadas na industria. O 55,6% das empresas galegas son empresas sen asalariados. Do restante 44,4% – empresas con asalariados–, o subsector comercio acolle ó 22,4% do total de asalariados en empresas, en tanto que o resto dos servicios emprega a un 33,9%. A industria acolle ó 28,3% de asalariados en empresas, en tanto que a construción conta co 15,4%.

No que á **distribución provincial** se refire, tamén recollida no dito **cadro 2.4.1.**, o maior número de sociedades activas corresponde á provincia de A Coruña, cun 42,82% do total galego, por diante de Pontevedra, que acolle ó 32,13% das mesmas. Fronte a esta concentración das

CADRO 2.4.1.

Empresas segundo a súa condición xurídica a 1-1-1998

	Personas Físicas	S.A.	S.R.L.	Outras	Total
A Coruña	47.693	1.805	12.367	4.448	66.313
Lugo	15.820	290	3.635	1.200	20.945
Ourense	14.968	514	3.859	1.029	20.370
Pontevedra	33.953	1.510	12.924	2.568	50.955
Total	112.434	4.119	32.785	9.245	158.583
España	1.659.810	135.669	509.072	170.139	2.474.690
G/E (%)	6,77	3,04	6,44	5,43	6,41

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

CADRO 2.4.2.

Ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas a 1-1-1998

CNAE	Ramas de actividade	Nº de empresas
45	Construcción	
	Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil	10.796
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos personais e enseres domésticos	
	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	6.844
	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.935
	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	16.685
55	Hostelería	
	Establecementos de bebidas	16.271
60	Transporte terrestre. Transporte por tuberías	
	Outro tipo de transporte terrestre	12.481
74	Outras actividades empresariais	
	Actividades xurídicas, de contabilidade, teneduría de libros, auditoría, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, xestión de sociedades de carteira.	6.897

Fonte: DIRCE

empresas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, as outras dúas provincias acoñen, en conxunto, o 25,05% das sociedades activas en Galicia.

Atendendo á desagregación nas diferentes **actividades económicas**, o **cadro 2.4.2.** amosa que as tres actividades máis importantes polo seu número de empresas, que estarían englobadas dentro do sector servicios, son as de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados”, con 16.685 empresas a 1 de xaneiro de 1998; “establecementos de bebidas”, con 16.271 empresa; e “outro tipo de transporte”, con 12.481 empresas.

A análise do desenvolvemento de empresas no ano 1998 parte da consideración dos datos facilitados polo Rexistro Mercantil Central, onde se pode apreciar, **cadro 2.4.3.**, que o número de **sociedades mercantis constituídas** en Galicia en 1998 foi de 5.493, fronte ás 4.579 do ano anterior, o que representa un crecemento do 19,96%. Este incremento foi superior ó experimentado por España, que se situou no 12,74%. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade cun maior crecemento do número de sociedades mercantís constituídas respecto ó ano anterior, despois de Castela e León (39,77%) e Baleares (24,97%).

CADRO 2.4.3.

Sociedades constituídas nas CC.AA. 1997-98

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Andalucía	381	397	13.264	14.489	158	643	13.803	15.529
Aragón	113	93	2.514	2.491	85	190	2.712	2.774
Asturias	55	62	1.623	1.591	53	131	1.731	1.784
Baleares	88	117	2.939	3.649	37	63	3.064	3.829
Canarias	144	139	4.695	5.235	86	248	4.925	5.622
Cantabria	10	26	787	704	22	68	819	798
Castela - A Mancha	132	69	3.792	3.308	99	288	4.023	3.665
Castela e León	85	151	2.988	4.038	120	274	3.193	4.463
Cataluña	711	737	17.914	20.535	327	595	18.952	21.867
C. Valenciana	276	294	10.754	12.090	180	440	11.210	12.824
Extremadura	47	35	1.041	1.148	59	54	1.147	1.237
Galicia	123	169	4.394	5.183	62	141	4.579	5.493
A Coruña	41	84	1.619	2.247	24	65	1.684	2.396
Lugo	16	11	449	478	8	26	473	515
Ourense	15	16	459	470	11	23	485	509
Pontevedra	51	58	1.867	1.988	19	27	1.937	2.073
Madrid	1.196	1.421	16.524	17.613	804	1.133	18.524	20.167
Murcia	54	55	2.628	2.736	41	227	2.723	3.018
Navarra	42	63	916	978	61	85	1.019	1.126
País Vasco	264	268	3.751	3.992	168	250	4.183	4.510
A Ríoxa	17	25	438	458	8	23	463	506
Ceuta e Melilla		1		224		2	-	227
Total	3.738	4.122	90.962	100.462	2.370	4.855	97.070	109.439

Fonte: Registro Mercantil Central

A Coruña é a provincia que rexistra unha maior cantidade de novas sociedades mercantís, o 43,62% do total de sociedades constituídas en 1998, por diante de Pontevedra, co 37,74%. Entre ámbalas dúas provincias acollen o 84,02% das sociedades anónimas e o 81,71% das limitadas.

No ano 1998 rexistráronse en Galicia un total de 12 **suspensións de pagamentos**, 3 menos que o ano anterior, que representaron o 4,63% do total de suspensións habidas en España. Desas suspensións de pagamentos de empresas galegas, 7 corresponderon á sociedades limitadas e 4, á sociedades anónimas. En relación coa media das comunidades autónomas, Galicia está, ó igual que no ano anterior, por debaixo da mesma no que ó total de suspensións se refire, pero, ó contrario do que acontecía no ano 1997, en 1998 Galicia

está por riba da media no concernte ás suspensións de pagamentos das sociedades anónimas. Estes aspectos recóllense no **cadro 2.4.4**.

Por provincias, presentaron suspensión de pagamentos 6 empresas de A Coruña, por 4 de Pontevedra e 2 de Lugo. Na provincia de Ourense non houbo ningunha suspensión de pagamentos.

No concernte ás **quebras**, en Galicia producíronse un total de 19, o que supón o 3,53% das habidas en España. Do total das quebras en empresas galegas, o 47,37% foron sociedades anónimas e un 42,10%, de sociedades limitadas. Comparado coas outras comunidades autónomas, o volume de quebras de sociedades galegas está por debaixo da media tanto no caso das sociedades anónimas como no das limitadas. Por provincias, o maior

CADRO 2.4.4.

Sociedades que suspendieron pagos nas CC.AA. 1997-98

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Andalucía	20	14	7	9	-	1	27	24
Aragón	9	7	8	10	1	3	18	20
Asturias	5	2	-	4	-	-	5	6
Baleares	3	2	1	1	1	-	5	3
Canarias	1	1	2	-	-	-	3	1
Cantabria	1	-	2	-	-	-	3	-
Castela - A Mancha	9	4	5	2	-	-	14	6
Castela e León	5	7	1	2	-	-	6	9
Cataluña	102	62	27	27	1	1	130	90
C. Valenciana	14	10	11	6	-	2	25	18
Extremadura	1	-	-	1	-	-	1	1
Galicia	8	4	7	7	-	1	15	12
A Coruña	4	3	2	3	-	-	6	6
Lugo	-	1	-	1	-	-	-	2
Ourense	-	-	3	-	-	-	3	-
Pontevedra	4	-	2	3	-	1	6	4
Madrid	32	23	10	5	-	1	42	29
Murcia	2	5	1	2	-	-	3	7
Navarra	3	1	2	3	1	-	6	4
País Vasco	24	20	8	5	2	1	34	26
A Rioxa	2	-	-	3	-	-	2	3
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	241	162	92	87	6	10	339	259

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.4.5.

Quebras de sociedades nas CC.AA. 1997-98

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Andalucía	11	9	4	6	1	2	16	17
Aragón	17	4	9	13	1	2	27	19
Asturias	7	5	4	11	1	6	12	22
Baleares	8	6	6	13	1	1	15	20
Canarias	3	4	3	1	-	-	6	5
Cantabria	6	2	1	-	-	-	7	2
Castela - A Mancha	3	4	6	5	1	-	10	9
Castela e León	1	6	4	11	-	1	5	18
Cataluña	113	100	96	120	4	5	213	225
C. Valenciana	12	4	18	17	-	2	30	23
Extremadura	-	1	1	-	-	-	1	1
Galicia	7	9	10	8	-	2	17	19
A Coruña	1	4	2	4	-	2	3	10
Lugo	2	1	-	-	-	-	2	1
Ourense	1	2	1	2	-	-	2	4
Pontevedra	3	2	7	2	-	-	10	4
Madrid	71	39	23	41	8	3	102	83
Murcia	7	3	6	5	-	-	13	8
Navarra	2	4	5	2	-	-	7	6
País Vasco	29	28	18	23	6	5	53	56
A Rioxa	-	5	-	1	-	-	-	6
Total	297	233	214	277	23	29	534	539

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.4.6.

Extincións de sociedades nas CC.AA. 1997-98

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Andalucía	606	150	305	431	46	54	957	635
Aragón	59	49	153	192	29	29	241	270
Asturias	31	17	53	89	3	8	87	114
Baleares	68	65	110	148	20	34	198	247
Canarias	29	58	54	110	-	6	83	174
Cantabria	29	60	23	38	-	12	52	110
Castela - A Mancha	85	21	130	163	24	26	239	210
Castela e León	139	75	100	197	34	15	273	287
Cataluña	778	806	1.125	1.601	46	48	1.949	2.455
C. Valenciana	366	136	532	742	108	77	1.006	955
Extremadura	36	28	24	33	3	4	63	65
Galicia	40	36	134	172	35	15	209	223
A Coruña	16	22	54	90	22	10	92	122
Lugo	1	2	13	30	4	-	18	32
Ourense	5	5	20	17	1	2	26	24
Pontevedra	18	7	47	35	8	3	73	45
Madrid	686	717	653	945	103	102	1.442	1.764
Murcia	76	11	74	103	25	40	175	154
Navarra	29	19	50	72	1	5	80	96
Pais Vasco	258	230	169	296	56	38	483	564
A Rioxa	13	9	19	52	-	2	32	63
Ceuta e Melilla		4		9		1	-	14
Total	3.328	2.491	3.708	5.393	533	516	7.569	8.400

Fonte: Registro Mercantil Central

número correspondeu á provincia de A Coruña, con 10, seguida de Pontevedra e Ourense, con 4, e de Lugo, con unha.

Finalmente, en Galicia producíronse 223 **extincións** de sociedades mercantís en 1998, que supoñen un 2,65% das habidas en España no mesmo período. Na comunidade galega o 77,13% correspondeu a sociedades limitadas, fronte ó 64,20% en España, mentres que as extincións de sociedades anónimas sumaron un 16,14% do total nese ano (29,65% en España).

Na comparación coa media de extincións de sociedades en tódalas comunidades autónomas, apréciase no **cadro 2.4.6.** que Galicia presenta cifras inferiores á media do conxunto estatal nas 3 categorías (sociedades anónomas, sociedades limitadas e outras sociedades). Por provin-

cias, o maior número de extincións corresponde a A Coruña, seguida de Pontevedra, Lugo e Ourense.

Estudio das mellores empresas galegas

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analiza-la competitividade das empresas galegas, éstas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento; empresas xeradoras de riqueza; e, finalmente, empresas de alta produtividade.

En relación ás empresas gacela (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de ó menos 3 anos consecutivos, por riba do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos), son un total de 379 empresas, analizadas desde

CADRO 2.4.7.

Rasgos de competitividade das empresas galegas 1995-97

	Empresas Gacelas (1)		Empresas de alto rendemento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta produtividade (4)	
	Número	%	Número	%	Número	%	Número (5)	%
Maioristas	90	23,7	25	13,7	14	10,7	41	33,6
Fabricantes	83	21,9	45	24,7	49	37,4	21	17,2
Construcción	84	22,2	14	7,7	29	22,1	32	26,2
Detallistas	44	11,6	20	11,0	11	8,4	-	-
Sevicios	33	8,7	44	24,2	13	9,9	15	12,3
Transportes, comunicacións e serv. públicos	30	7,9	13	7,1	10	7,6	7	5,7
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	11	2,9	6	3,3	3	2,3	6	4,9
Minería	2	0,5	11	6,0	1	0,8	-	-
Finanzas, seguros e bens raíces	2	0,5	4	2,2	1	0,8	-	-
	379	100,0	182	100,0	131	100,0	122	100,0

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, que o VEB de 1995 sexa superior a 25 millóns de pesetas e que o crecemento do VEB debe ser do 25% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que ten un valor engadido por empregador por riba do percentil 75 do gran sector no que opera durante os 3 anos consecutivos do período de análise

(5) en maioristas incluímo-las actividades de distribución

Fonte: Ardán

1995 a 1997. Do total das 379 empresas, un total de 92 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 35 empresas o fan por máis de 5.

O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 59,27% no período 1995-1997, sendo no 96-97 do 58,94%.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.4.7.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de maioristas, construción e fabricantes, que acollen ó 67,81% das empresas gacela consideradas por Ardán.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 182 **empresas de alto rendemento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de ó menos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e

sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ó 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 1995, 1996 e 1997 do 38,11%, 36,85% e o 33,64%, sucesivamente.

En canto á súa distribución por sectores, o **cadro 2.4.7.** reflicte que a meirande parte das mesmas están ubicadas en tres grandes sectores, o das actividades de fabricación, os servicios e a distribución, tanto maiorista como minorista, que acollerían o 73,64% das empresas consideradas de alto rendemento.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista; o valor engadido bruto de 1995 debe ser superior ós 25 millóns de pesetas; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 25% durante

os tres anos), Ardán considera que hai un total de 131 empresas, ubicadas principalmente nos sectores de fabricantes e construción, que acollen ó 59,54% das mesmas.

Finalmente, hai que considerar un total de 122 **empresas de alta produtividade** (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado entre o 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo), ubicadas principalmente nas actividades de distribución, construción e fabricación, que acollen ó 77,05% das empresas consideradas.■

Consideracións ó EMPREGO

D

a análise da evolución do emprego en Galicia durante o ano 1998 poderían salientarse, entre outras, as seguintes consideracións:

- **1.-** No ano 1998 a economía galega xerou un emprego neto de 15.400 novos ocupados (media anual), equivalentes ó 1,7% do volume de ocupación, ata situar en 917,8 miles de persoas o número de ocupados. Por primeira vez nos últimos anos, o crecemento da economía galega (3,4% de media anual) traducíuse en creación de emprego neto, aínda que de forma máis cativa que en España, onde, cun crecemento do 3,8% (media anual), a taxa de crecemento da ocupación foi do 3,4% respecto ó ano anterior. Este comportamento foi debido a que o crecemento do emprego do 4,3% acadado nos sectores non primarios puido compensar a perda de postos de traballo do 7,6% sufrida polo sector primario, que decreceu o seu VEB un 2,5% en 1998.

Dentro dos sectores non primarios, cómpre salientar que, no sector industrial, o 5,8% de incremento do VEB sectorial

traduciuse nun crecemento do 6,9% no volume de ocupación; no sector servizos, que incrementou o seu VEB nun 3,0%, o aumento en creación de emprego foi do 4,5%; pola contra, na construción, un 3,1% de incremento no VEB correspondeu cun lixeiro descenso do 0,5% no nivel de ocupación.

Nos últimos tres anos a economía galega tivo un crecemento acumulado do 9,59%, en tanto que a taxa de crecemento do emprego permaneceu constante, ó contrario do que aconteceu no conxunto da economía española, que, cun crecemento do 10,01%, xerou un incremento do emprego do 9,59%. Esta dinámica foi debida, como en 1998, ó comportamento do sector primario.

No ano 1998 rómpese a tendencia decrecente da poboación activa galega, que aumenta un 0,4% respecto ó ano anterior, permanecendo practicamente constante a **taxa de actividade** en torno ó 48,0%.

- **2.-** Os **datos sectoriais do mercado de traballo**, segundo a EPA, reflicten

en 1998 un descenso de 14.900 personas ocupadas no sector primario e 500 na construción, caída que foi compensada polo aumento de 30.300 ocupados no conxunto dos sectores industrial (10.500 persoas ocupadas) e servicios (20.300 persoas ocupadas). Este forte descenso da ocupación no sector primario é a causa fundamental que explica a dificultade da economía gallega para traducir-lo crecemento da actividade nun maior crecemento do emprego.

Constátase unha diminución da poboación ocupada no subsector agrícola de Galicia no ano 1998, que pasa dos 168.300 ocupados en 1997 ós 152.600 deste ano. No subsector pesqueiro, pola contra, recupérase o emprego, que crece desde as 28.300 persoas ocupadas en 1997 ós 29.100 ocupados en 1998. O sector primario no seu conxunto representa o 19,8% do total da poboación ocupada e aporta o 9,22% do VEB galego.

O emprego industrial medrou sobre o ano anterior, ó pasar de 152.000 persoas ocupadas en 1997 a 162.500 en 1998, o que representa o 17,7% da poboación ocupada total e o 20,70% do VEB galego.

O nivel de actividade na construción en 1998 traducíuse nun lixeiro descenso do nivel de ocupación no sector, que pasou de 98.600 ocupados en 1997 a 98.100 en 1998, que representa o 10,7% do total da poboación ocupada en Galicia e acada o 9,15% do VEB galego.

O incremento da actividade produciu un aumento da poboación ocupada tamén no sector terciario, que pasou de 455.200 persoas ocupadas en 1997 a 475.500 ocupados en 1998. Estes datos reafirman o papel deste sector como principal empregador en Galicia, co 51,8% dos postos de

traballo e unha aportación do 60,92% do VEB galego.

No ano 1998 continúa o proceso de concentración da poboación ocupada nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que acolleron ó 73,3% da poboación ocupada en 1998 fronte ó 72,0% do ano anterior. Nestas provincias esta concentración agudízase para o caso dos servicios –acollen ó 75,9% da poboación ocupada galega nos servicios– e para o caso da construción –o 75,6% da poboación ocupada galega na construción atópanse nelas–.

- **3.-** O volume de **paro estimado pola EPA** diminúe en Galicia en 11.000 persoas, ata situar en 192.600 o total de persoas paradas no ano 1998. Un 60% deses desempregados eran parados de longa duración, porcentaxe que se eleva ó 66% na poboación feminina.

A redución do desemprego tradúcese nunha diminución da **taxa de paro galega** en 1,1 puntos, ata situarse no 17,3%.

- **4.-** O **paro rexistrado** en Galicia descendeu en 12,9 miles de persoas, pasando de 169,4 miles de desempregados rexistrados en 1997 a 156,5 en 1998, o que significa unha redución do 7,6% respecto ó ano 1997. En España este descenso é de 229,2 miles de persoas, cunha diminución do 10,8%. A redución do desemprego tradúcese nunha diminución da taxa de paro rexistrado galega en 1,2 puntos, ata situarse no 14,1%.

- **5.-** As **demandas de emprego** rexistradas aumentaron un 8,98% respecto ó ano 1997 e as colocacións medraron un 15,36% respecto ó mesmo ano. Do total de colocacións (562.421), un 72% corresponde a persoas cun nivel primario de estudos.

• **6.- A taxa de temporalidade** (a relación entre asalariados con contratos temporais e o número total de asalariados) descendeu en Galicia no ano 1998, pasando de 34,37% de media anual en 1997 ó 33,37%. Aínda que esta evolución é máis positiva ca do resto do estado, Galicia segue a estar por riba da media estatal, que é do 33,01%. Este descenso foi maior no caso das mulleres: a súa taxa pasou do 35,01% de 1997 ó 32,95% do ano 1998.

O **emprego asalariado** amosou un comportamento máis positivo có non asalariado, que segue unha tendencia decrecente. En 1998 creáronse 36.100 empregos asalariados, aumentando nun 6,4% respecto a 1997, mentres que diminuíu en 20.700 o número de empregos non asalariados. Este aumento do emprego asalariado motivou que o seu peso sobre o total da ocupación pasara do 62,77% en 1997 ós 65,66% de 1998.

No caso da poboación ocupada asalariada, as provincias de A Coruña e Pontevedra concentran o 78,7% da poboación ocupada asalariada galega, sendo esta porcentaxe superior no caso da industria, que acada o 83,9% da poboación ocupada galega neste sector.

A poboación ocupada asalariada con contrato indefinido ascendeu ós 396.850 empregados en 1998, o que supuxo o 65,86% do total da poboación ocupada asalariada en Galicia. No ano anterior, esa porcentaxe era do 64,52%, cun total de 365.525 empregados con contrato indefinido.

• **7.-** En 1998 rexistráronse 559.180 **contratos** (un 82% dos mesmos teñen forma de contratos por obra ou servicios, eventuais segundo as circunstancias da produción ou a tempo parcial), o que sig-

nifica un aumento do 15,1% respecto ó ano anterior. Aparte dos novos contratos rexistrados, en 1998 producíronse 14.781 conversións de contratos temporais en indefinidos, mentres que en 1997 as conversións foron 11.939.

A relación entre o número de contratos temporais realizados (528.987 contratos) e a poboación asalariada temporal (201,1 miles de persoas) indica o elevado grao de rotación existente no mercado de traballo galego. En 1998 este ascendeu a 2,63 contratos por persoa asalariada temporal, sendo no ano anterior de 2,39 contratos.

O 94,6% dos novos contratos rexistrados en 1998 correspondeu ás modalidades de contratación de duración temporal (528.987 contratos) e o 5,4% restante, ás contratacións indefinidas (30.193 contratos, 5.427 deles a tempo parcial). Salienta o aumento da contratación de duración indefinida, que medra un 54,1% respecto ó ano 1997, producíndose un incremento da contratación indefinida a tempo parcial do 41,5%.

• **8.-** O número de empresas de traballo temporal en Galicia ascendeu a 36 (o 4,2% do total deste tipo de empresas en España) e realizaron un total de 82.431 contratos de posta a disposición, é dicir, un 40,8% máis que os contratos rexistrados no ano anterior (o 4,6% do total de contratos no conxunto do estado).

As provincias de A Coruña e Pontevedra acollen ó 82,8% do total de contratos de Galicia, fronte ós 83,4% do ano anterior

• **9.-** O salario medio nominal por traballador e mes nos sectores de industria e servicios, en 1998, foi de 190.682 pesetas,

superior ó de 1997, cando estivo nas 185.501 pesetas. A taxa de crecemento nominal foi do 2,8% e a taxa de crecemento real, do 0,9%, superior á rexistrada en España (o salario medio foi de 220.118 pesetas/mes) que foi de 0,5%. No ano 1998 mantense o diferencial salarial de Galicia con España debido ó maior peso dos sectores productivos de menor valor engadido bruto por empregado.

Atendendo á desagregación por sexos, hai unha diferenza importante entre os pagos totais ós homes e ás mulleres. En 1998 os pagos das mulleres supuñan en Galicia o 71,7% dos pagos dos homes, sendo a media estatal de 76,5%. Comparada a situación en Galicia coa existente nas outras comunidades hai que afirmar que Galicia é a terceira comunidade con maior porcentaxe, por detrás de Canarias (81,1%) e Madrid (77,6%).

O incremento salarial medio pactado en Galicia para 1998 foi do 2,69% respecto ó ano anterior, sendo no conxunto do estado de 2,56%. No caso dos convenios sectoriais o devandito incremento salarial pactado foi de 2,76, superior ó existente para o caso dos convenios de empresa, que foi de 2,67%. As revisións salariais foron de 2,42% e 2,44%, respectivamente.

No ano 1998 prodúcese un descenso da xornada media pactada ou ponderada na negociación colectiva galega. Ésta redúcese desde as 1.783,4 horas/ano de 1997 ata as 1.781,9 horas/ano de 1998. O sector construción foi quen pactou a menor xornada media con 1.765,4 horas/ano, estanto no caso contrario o sector servicios cunha xornada media pactada de 1.805,1 horas/ano.

A xornada efectiva media por traballador (ata o terceiro trimestre) ascendeu a

1.258,8 horas, inferior ás 1.271,4 horas no mesmo período do ano anterior.

• **10.-** En relación á **sinistralidade** no mercado laboral, en 1998 rexistráronse 36.616 accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornadas de traballo, fronte ós 32.891 do ano anterior, o que supón un incremento do 11,33%.

Por sectores, o 34,84% dos sinistros aconteceu na industria; o 30%, no sector servicios; e o 25,3%, no sector da construción. A meirande parte dos accidentes teñen a consideración de leves e un 2,5% considéranse graves ou mortais. O 64,78% dos accidentes teñen como vítimas a traballadores e traballadoras con contratos temporais, mentres o 33,61% corresponde a traballadores con contratos indefinidos.

Respecto ós accidentes “in itinere”, producíronse 2.777 en 1998, un 17,1% máis que no ano anterior.

• **11.-** En relación ás **políticas activas de emprego**, no marco dos II Acordos Nacionais de Formación Continua, aprobáronse en Galicia 174 plans de formación, o que a sitúa como a sexta comunidade polo número de plans aprobados (un 4,8% do total estatal). Xunto a estes plans funciona tamén unha serie de medidas complementarias de acompañamento, nas que Galicia presenta unhas das medias de financiamento aprobado por proxecto máis altas entre as comunidades españolas (26,28 millóns de pesetas), só superada por Canarias e Madrid.

No ámbito das políticas activas de emprego da Comunidade Autónoma, en 1998 impartíronse 1.808 cursos de formación profesional ocupacional, que, cun presuposto global de 6.648,1 millóns de

pesetas, contaron coa asistencia de 27.120 alumnos.

Ó longo do ano, o Servicio Galego de Colocación recibiu a visita de 160.274 demandantes de emprego, mentres que o número de postos de traballo ofertados polas empresas foi de 20.192. Neste ano 1998 entraron en funcionamento o Programa de Orientación Laboral, do que se beneficiaron 25.716 persoas, e o Eures Transfronteirizo Norte de Portugal-Galicia.

- **12.-** A 31 de decembro de 1998, o número de empresas de economía social (cooperativas e sociedades laborais) ascendía a 29.234 sociedades, das que o 3,9% (1.020 firmas) estaban en Galicia. O conxunto destas empresas en Galicia xeraba un total de 10.111 empregos (o 3,3% do total do sector español) que equivale ó 1,1% da poboación ocupada galega. No ano 1998 constituíronse un total de 242 cooperativas e sociedades laborais, con 1.242 socios agrupados.

- **13.-** No concernente ó **desenvolvemento empresarial**, a 31 de decembro de 1998 había en Galicia un total de 158.583 empresas activas en Galicia (o 6,41% do total de empresas existentes en España). A meirande parte das sociedades activas en Galicia nese período corresponde a persoas físicas (70,90%), seguida das SRL, que acadaban o 20,67%, pertencendo o 79,2% das empresas ó sector servicios e un 12,0%, ó sector da construción.

No ano 1998 constituíronse, segundo os datos do Rexistro Mercantil, 5.493 sociedades (que supuñan o 5,02% das sociedades constituídas en España). A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 94,36%) e só un 3,08% foron socieda-

des anónimas. Neste ano 1998 rexistráronse 12 suspensións de pagamentos, o 4,63% das producidas en España, e 19 quebras, un 3,53% das acontecidas no conxunto do estado. ■

